



# *De libros e ilusiones*

GUÍA DE LECTURA



Bibliotecas Públicas  
Municipais

---

Premio Nacional María Moliner 2011



*“Ler é ir ao encontro de algo que está a punto de ser  
e que aínda ninguén sabe que será”.*

Italo Calvino

**Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:**

- \* Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- \* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado. Mera
- \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso. Dorneda
- \* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- \* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- \* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé
- \* Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove

**Catálogo do fondo bibliográfico:**

**<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>**

**Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**

**Síguenos en twitter@bibloleiros**

**Páxina web municipal: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)**

**Biblioteca Central Rialeda**

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

**Tel.: 981 639 511**

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: **[biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)**

Depósito Legal: C 2383-2015



Presentamos esta guía de lectura cun dobre obxectivo: amosar obras de calidade literaria, artística ou científica para animar á súa lectura, audición ou visión e lembrar que un libro, un CD, ou un DVD son tamén un bo agasallo.

Esta escolla foi realizada polo persoal das bibliotecas municipais e nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Desexamos colaborar no desenvolvemento dese amor pola lectura que, como descubrimento e recreación da linguaxe escrita, axudará a comprender e coñecer mellor o mundo que nos rodea.

A clasificación que figura é:

## **INFANTIL E XUVENIL**

- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos
- Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos
- Libros para adolescentes a partir de 12 anos
- Novela xuvenil
- Teatro infantil-xuvenil
- Poesía infantil e xuvenil
- Libro-disco infantil
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- Álbum ilustrado para compartir

## **MOZAS/OS E ADULTAS/OS**

- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVD
- CD

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algunha que lles guste.




## LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS

### *Las 4 estaciones desde el gran ÁRBOL*

Patricia Hegarty. Ilustracións de Britta Teckentrup. Bruño.

Desde esta árbore imos vendo pasar todas as estacións coa flora e a fauna de cada unha delas, gracias a unhas fantásticas ilustracións.



### *Quen é ese becho?*

Carmen Queralt. Kalandraka.

Hai moitos bechos de todas as formas e cores, pero sempre hai un moi especial. Divertido conto para coñecerse a si mesmo e aos outros, unha historia sobre a diversidade.



### *O Abecedario*

Mónica Pazos, coordinadora. Ilustracións de Óscar Villán. A Mesa pola Normalización Lingüística.


É un conto onde as 23 letras do abecedario galego van acompañadas dunha ilustración de Óscar Villán, para aprender, ver ou imaxinar.



### *Coreas*

Leo Lionni e Antonio Rubio. Kalandraka.

Os ratiños desta historia rimada tinguense de azul, amarelo, verde, vermello e gris asociando esas transformacións a distintos elementos ou estados de ánimo.





### ***Mr. Tutti y las 100 gotas de agua***

Non In-Kyung. Barbara Fiori.

Mr. Tutti é un papá elefante que en tempos de seca vai buscarlle aos seus fillos auga, pero non é tan doado levárllela. Atopa moitos problemas e atrancos, pero un pai sempre o logra, e máis se é polos seus fillos. Ilustrado coa técnica do pixel art.



### ***El sueño***

Antonio Ventura. Ilustracións de Jesús Cisneros. Fondo de Cultura Económica. O bidueiro medrou lonxe do pequeno bosque, sinte a distancia dos seus compañeiros e desexa tanto que os paxaros se pousen nas súas pólas... Só o enorme carballo é testemuña das súas súa morriña.



### ***Te quiero TAL como eres***

Tammi Salzano. Ilustracións de Ada Grey. Cubilete.


Unha historia tenra e divertida que fala do grande amor que existe entre pais e fillos, grazas a unhas bonitas ilustracións.



### ***Tiranosaurio Reg***

Dan Crisp. Juventud.

Cando Reg sae do ovo, todo o que ve parécelle terrorífico. Que pode facer o pequeno Tyrannosaurus Rex fronte a todos eses dinosauros enormes e terribles?



### ***Vamos a dormir***

Kathleen Amant. Algar.

Un libro divertido, cheo de solapas, que mostra aos máis pequenos todo o que deben facer antes de deitarse na cama pola noite.




## LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS

### *Adelaida*

Tomi Ungeder. Kalandraka.

É a historia de Adelaida, unha canguro con ás, de como aprendeu a voar, das súas viaxes, de como se converteu nunha heroína e de como creou unha familia.



### *Andeis baleiros*

Susana Lamela. Ilustracións de María Lires. Tambre.

O libro de «*Contos dos cinco continentes*» vai ser un marabilloso compañeiro de viaxe para Mar.



### *Unha feliz catástrofe*

Adela Turin. Ilustracións de Nella Bosnia. Kalandraka.

Reedición dun libro publicado hai 30 anos que fala sobre a igualdade. Os Rato son unha familia feliz e tradicional, o seu pai traballa e a súa nai é ama de casa, ata que acontece unha «feliz catástrofe» que cambia os roles e convértense na familia Roedor.



### *Herman y Rosie*

Gus Gordon. Corimbo.

É a historia de Rosie e Herman nunha cidade moi grande coas súas afeccións: a música, a comida, as películas sobre o mar... Arroupada por unhas bonitas ilustracións do propio autor.





### *El libro que se sentía solo*

Kate Bernheimer. Ilustracións de Chris Sheban. Juventud.

Un libro vello da biblioteca está triste porque ninguén lle presta atención. O seu encontro con Alicia, unha lectora con sensibilidade e imaxinación, mudará o seu destino.



### *Lola se embala y otros cuentos terribles*

Wilfried von Bredow. Ilustracións de Anke Kuhl. Takatuka.

Hai situacións que poden rematar mal tal e como os adultos se encargan de advertir continuamente. Este é un libro de divertidas historias cun final terrible.



### *Mi perro piensa que soy un genio*

Harriet Ziefert. Ilustracións de Barroux. Edelvives.

Un día, cando tiña cinco anos, díxenme: «Son un artista. Teño que pintar e debuxar a diario». Agora teño oito anos... e sigo pintando!



### *Pasen e miren*

María Canosa. Ilustracións de Dani Padrón. Bululú.

Un verdadeiro espectáculo de circo de maneira sinxela a través do enxeño e da fantasía. Unha xirafa presentadora que actúa de eixe arredor do que se articula o desfile de todos os personaxes.

### *Pepe piensa... icómprame la moto roja!*

Michel Piquemal. Ilustracións de Thomas Baas. Tambre.

Pepe encapríchase dunha moto que ve no supermercado, mentres súa nai fai a compra. Ela explícalle os motivos polos que non se pode ir mercando todo o que se ve. Pepe comprende, pero ao saír do supermercado pídelle que lle merque un can.



### *La pequeña Amelia se hace mayor*

Elisenda Roca. Ilustracións de Paula Bonet. Combel.

Fermosa obra na que Amelia, unha nena pequena, nos invita a coñecer o seu mundo, no que todo é moi grande, ou ela é moi pequena!

Delicioso libro, con despregables e unhas magníficas e tenras ilustracións, en cores vivos, que expresan unha sensibilidade que nos fala da aventura de medrar, pero tamén de coñecer e compartir.



### *El príncipe de los enredos*

Roberto Aliaga. Ilustracións de Roger Olmos. Edelvives.

Un texto poético, presentado dun xeito simple e cunhas ilustracións magníficas ás que o ilustrador dá un toque persoal tanto ao cruel e malvado corvo protagonista, enredador nato, que con rumores malintencionados arrastra ao abismo como á outra protagonista do conto, a maravillosa aciñeira que vive placidamente no medio dun campo, ata que a ave se cruza no seu camiño e con trampas faise rei da paraxe.



## LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS



### *A aventura de Hodia de Piort*

Ole Lund Kirkegaard. Sushi books.

Hodia soña con abandonar a tranquila cidade de Piort, en Bulguislavia, e ver mundo. Un día chega ás súas mans unha alfombra voadora que é o maior desexo do sultán.



### *Unha casaña branca*

Marcos Calveiro. Xerais.

O autor reflexiona sobre unha natureza que non coidamos, xunto coa importancia dos soños, todo acompañado dunhas delicadas ilustracións.



### *Cuentos de la Madre Tierra*

Rolande Causse, Nane y Jean-Luc Vézinet.

Ilustracións de Amélie Fontaine. Juventud.

Estes nove relatos que teñen como protagonista o noso planeta, proceden da tradición popular do Amazonas, Colombia, Yemen, etc., tratan dos problemas actuais e transmiten unha sabedoría ancestral, invitándonos a respectar a natureza.



### *Os dereitos da infancia*

Ilustracións de Emilio Urberuaga. Xerais.

Todos os nenos e nenas do mundo teñen os seus dereitos, que hai que respectar e coñecer. Neste libro grandes autores/as contan historias relacionadas con eles.



### *Estamos no verán!!!!*

Charo Pita. Ilustracións de Iván R. Música de Xoán Curiel (contén CD). Galaxia.

O diario dun grupo de amigos que soñan con ter un grupo musical e como o van conseguir.

### **Noviembre y Febrerito**

Jordi Soler. Ilustracións de Santi Moix. Malpaso.


Divertida e emotiva historia de xigantes protagonizada por Febrerito, un xigante diminuto, e Noviembre, o seu voluminoso irmán.



### **Orla Tragarrás**

Ole Lund Kirkegaard. Sushi Books.

Disque Orla tragou unha ra de pequeno e desde entón non deixa de meterse cos cativos, pero estes sempre conseguen estragar os seus malvados plans.



### **Quen falta?**

Arianna Papini. Kalandraka.

Vinte estampas con fondo ecolóxico sobre animais que desapareceron ou están en perigo de extinción.



### **El único y verdadero rey del bosque**

Texto e ilustracións de Iban Barrenetxea. A Buen Paso.

«Si un viajero se aventurase a cruzar los helados mares del norte...» Así comeza este fermoso libro protagonizado polos irmáns Jaska, Kaspar, Masia, un rei e un intelixente raposo branco. Marabillosas ilustracións.



### **As viaxes de Ruki**

Ramón Caride. Ilustracións de Manolo Uhía. Xerais.

Pedro e Petra, ao chegar do colexio, fechábanse nunha habitación para argallar co equipo de electrónica, así naceu Ruki, un rato-robot que rematou viaxando polo universo.



## LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS



### *O álbum de Garrincha*

Beatriz Maceda Abeleira. Ilustracións de Laura Beleiro. Galaxia.

Unha historia de fútbol e superación a partir de Garrincha, un futbolista brasileiro medio coxo que chegou a ser un dos mellores futbolistas de todos os tempos.



### *Arlindo Yip*

Daniel Nesquens. Ilustracións de Alba Marina Rivera. Bambú.

Arlindo traballou nunha construtora e sempre xantaba un bocadillo de chourizo. Agora é funcionario de correos especializado en atopar paquetes perdidos. A súa vida tranquila altermase coas anécdotas que lle pasan.



### *Arman e a fábrica podre*

Texto de Lluís Llorca e Salvador Macip. Ilustracións de Sergi Càmar. Xerais.

Segunda aventura da serie «*Son un animal*» protagonizada por Arman, a súa mascota Tim e o seus amigos. Nesta aventura intentará descubrir o segredo que agocha a fábrica que está contaminando a cidade.



### *Las cosas de Lota:*

#### *¡Vaya monton de conejos!*

Alice Pantermuller. Bruño.

Lota é unha nena un tanto especial a quen lle pasan cousas moi estrañas. Cóntaas todas no seu diario.

### *Florín y Cepillo, detectives del mundillo*

Luísa Villar Liébana. Ilustracións de Federico Combi. Planeta.

O detective Florín e o seu axudante Cepillo teñen que desentrañar un complicado e misterioso suceso en Exipto: a momia dun coñecido faraón, xunto ao seu tesouro, foi roubada. Non hai máis pista que un xeroglífico que descifrar.



### *Formig4s: misión Nova York*

Pere Tobaruela. Ilustracións Andrés Meixide. Xerais.

Os Formig4s son catro amigos que forman unha brigada especial coa finalidade de esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados en calquera recuncho do mundo. Desta vez viaxan ata Nova York. Aló a coñecida estatua da Liberdade marchou polo seu propio pé e eles serán os encargados de traela de novo ao seu sitio.



### *Los Futbolísimos 6. El misterio del castillo embrujado*

Roberto Santiago. Ilustracións de Enrique Lorenzo. SM.


Unha nova aventura para os *Futbolísimos* que esta vez teñen que investigar o misterio dun castelo embruxado.



### *El genial mundo de Tom Gates*

Liz Pichon. Bruño.

Chámome Tom Gates e cando os profes non están controlándome gústame debuxar e pensar en mil maneiras de enfastiar a Delia. Din que son moi distraído e non me concentro, pero iso é mentira...





### *La increíble y verdadera (al 113%) historia de Cornelius Tuckerman*

Frank M. Reifenberg. Ilustracións de Helge Vogt. Alfaguara.

Cornelius Tuckerman quere gañar unha carreira co seu bólido con forma de megalosauro polo que decide botarlle un misterioso unguento e acontecen cousas increíbles.

### *Ivy Pocket:*

#### *El secreto del Diamante*

Caleb Krisp. Alfaguara.

Ivy Pocket é unha nena orfa que traballa como serventa, cando unha duquesa lle encarga unha misión moi particular. Terá que facer unha viaxe un tanto estraña e perigosa.



### *As máscaras do profesor*

#### *Robindra*

Xoán Babarro. Ilustracións de Kristina Sabaite. Galaxia.

Orixinal obra de relatos curtos unidos por unha historia xeral, de forma que unha narración lévate á seguinte.



### *Nena e o mar*

Érica Esmorís. Ilustracións de Dani Padrón. Xerais.


Porto Balea é unha vila mariñeira na que todos os seus habitantes perderon a esperanza. Só Otto segue a saír ao mar mentres deixa a Nena ao coidado dos veciños e veciñas, pero un día non volve. Nena emprenderá unha aventura para rescatar o seu pai...



### *Os nenos de Bullerbyn*

Astrid Lindgren. Sushi Books.

Seis amigos que viven nun pobo, Bullerbyn, onde hai tres granxas, pasan os anos compartindo a súa amizade, facendo traxadas, aprendendo, divertíndose, gozando da vida. Un achegamento aos costumes e ás festas suecas.



### *El único y verdadero rey del bosque*

Iban Barrenetxea. A buen paso.

Jaska, Kaspar e Masia son tres irmáns que viven nunha casaña no bosque. Un día Masia pídelle aos seus irmáns que cacen un raposo para ela. Nesta historia quedará claro quen é o único, e inimitable, rei do bosque.

### *Volverás, golfiño*

Andrea Maceiras. Ilustracións de Victor Rivas. Xerais.

Unha historia que navega constantemente entre realismo e maxia.

Iris trasládase a vivir á casa do seu avó na Costa da Morte e alí goza do verán na compañía de varias pantasma, almas en pena de persoas que desapareceron en tantos e tantos naufraxios no mar da Costa da Morte.



## LIBROS PARA ADOLESCENTES A PARTIR DE 12 ANOS



### *El capitán Miguel y el misterio de la daga milanesa*


Martín Casariego Córdoba. Anaya.  
Dúas novelas nunha: a historia dun pai que conta a seu fillo unha trepidante aventura ambientada na época da Inquisición, os cabaleiros e o comercio coas Indias, xunto coa investigación duns asasinatos de adolescentes de catorce anos supostamente cometidos por un lobo.



### *Druídas*

María Canosa. Ilustracións de Noemí López. Embora.


Unha nova historia da escritora de Cee e a ilustradora luguesa. Neste caso protagonizado por unha neta e o seu avó, que teñen uns especiais talentos. As lendas e a tradición teñen cabida neste relato cheo de aventuras.



### *Miña querida Sherezade*

Texto de Andrea Maceiras. Ilustracións de Antonio Seijas. Baía.

Esta obra, Premio Meiga Moira 2014, xorde da fascinación da autora por un libriño que atopa na casa dos avós, «*As mil e unha noites*», na que o propio libro é o personaxe principal. Son moitas as peripecias que lle acontecen, constituíndo unha auténtica homenaxe ao libro e á lectura.



### *Tobi Lolness*

Timothée de Fombelle. Ilustracións de Françoise Place. Salamandra.

Tobi Lolness mide un milímetro e medio, normal para un adolescente de trece anos que pertence a unha civilización de minúsculos seres humanos que viven no alto dunha árbore enorme e frondosa.

## NOVELA XUVENIL

### *La cata*

Roald Dahl. Ilustracións de Iban Barretxea. Nórdica libros.

Reedición dun libro moi especial cheo de ironía e humor marabillosamente ilustrado. Un corredor de bolsa organiza unha cea na súa casa e invita a un afamado gastrónomo que se toma como reto adiviñar o viño que se serve.

### *Ciudad de huérfanos*

Avi. Bambú.

O ambiente de Nova York envolve unha aventura na cal o mozo Maks deberá enfrentarse a un mundo dominado pola avaricia e o delito.

### *La edad de la anestesia*

Elena Alonso Frayle. Edelvives.

Premio Alandar de literatura xuvenil 2014.


Esta novela preséntanos a Laura, unha adolescente que pese a sufrir unha grave enfermidade non deixa de loitar por abrirse paso. Da man de Jan, un mozo da súa idade, coñecerá un mundo de sensacións antes alleo a ela. Xuntos intentarán desvelar os segredos da misteriosa familia do rapaz.

### *Europa Express*

Andrea Maceiras. Xerais.

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2015.

A amizade dun grupo de amigos, unha viaxe que lles abrirá moitas ventás, un suceso que os marcará de por vida. Novela a varias voces que afonda na intriga psicolóxica.





### *Madonna e outros contos de inverno*

Manuel Rivas. Xerais.


Oito contos conmovedores que teñen o inverno e o Nadal como pano de fondo: a emigración, o naufraxio, o amor, a resistencia...

### *Mentira*

Care Santos. Edebé.

Premio Edebé de Literatura Xuvenil.

Xenia é unha moza de 17 anos que loita por sacar as mellores notas para estudar Medicina, pero o seu rendimento está a baixar debido a que namorou dun mozo co que se relaciona por Internet. Cando comeza a indagar, descobre que todo o que sabe da súa alma xemelga é mentira.



## TEATRO INFANTIL-XUVENIL

---

### *Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta*

Isabel Freire. Galaxia.

Na noite de Reis, Nela colle un caramelo de menta sen permiso e mente a súa nai. Cando chegan os Reis á súa casa, por accidente, Baltasar acaba tomando un caramelo de menta que o enfeitiza e polo que non pode seguir repartindo os agasallos. Nela terá que substituílo.



## POESÍA INFANTIL E XUVENIL

---

### *Emociones y sentimientos*

Roberto Piumini. Ilustracións de Anna Laura Cantone. Edelvives.


Libro de poemas cheo de sensibilidade e emoción, dun mestre da literatura italiana. Poemas que falan de sentimentos e sensacións do corpo.



### *Ovella descarreirada*

Marilar Aleixandre. Ilustracións de Óscar Villán. Xerais.

Contén trinta e tres poemas sobre unha ovella descarreirada, un polbo no garaxe, abellas bailando sen descanso a louca danza da ledicia ou fanecas bravas...



## LIBRO-DISCO INFANTIL



### *Cadros dunha exposición*

Modest Mussorgsky. Música interpretada por Giuseppe Sinopoli. Texto de José Antonio Abad Varela. Ilustracións de Xosé Cobas. Kalandraka.

Libro-disco que nos introduce no Museo Hermitage da man de Ocazul, unha gansa que dentro do Museo, ao ritmo da música de Mussorgsky, contempla as pinturas de Hartmann. Os cadros cobran vida, facendo desta visita unha experiencia inesquecible.



### *Cocido sinfónico*

Os Tres Tenedores. Ilustracións de Dani Padrón. Galaxia.

Sinfónico cocido para tomar en familia. Suculenta proposta musical. Apetitosos sons e cancións saborosas para degustar entre bailes e risas.



### *Estación Nadal*

Mamá Cabra. Ilustracións de Kristina Sabaite. Galaxia.

Existe unha quinta estación? Pois si! Mamá Cabra canta a este novo tempo do ano que é de vacacións, de agasallos, de compartir coa familia e cos amigos, de larpeiradas... é o Nadal!



### *Lucecús*

Pirilampo. Ilustracións de Federico Fernández. Galaxia.

Once temas que fan as delicias de nenos/as e maiores: *O Apalpador*, *Os contos do padriño*, *O mundo do revés*, *Pedro Chosco*, *Pirilampo vai ao mercado*, *Teño un barco de papel*, *Doce meses ten o ano*, etc. As ilustracións de Federico Fernández que acompañan o texto das cancións son moi divertidas.

### ***Non hai berce coma o colo***

Dirección do proxecto Paulo Nogueira e Magoia Bodega. Ilustracións de Mariona Cabassa. Kalandraka.

Fermoso libro-disco de arrolos tradicionais para adurmiñar aos meniños/as.



### ***Pitusa Semifusa***

Olga Brañas. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia.

10 divertidas cancións que amosan diferentes instrumentos (a voz, o acordeón, a fruta, a arpa, o piano, a guitarra, etc.). Cancións alegres, que convidan a cantar e a coñecer as aventuras da protagonista, *Pitusa Semifusa*, personaxe que resulta ser a neta dunha directora de orquestra.



### ***Unha viaxe polo mundo***

Texto e música As Maimiñas. Ilustracións de Patricia Castelao. Galaxia.

Mai e Miña xuntas forman As Maimiñas, un día foron dar un paseo e camiñando, camiñando pasaron os Pirineos chegando a outros países cada vez máis lonxe. Un montón de cancións e bailes típicos que de seguro farán as delicias dos máis pequenos e enriquecerán os seus coñecementos de cidades e monumentos famosos dunha forma lúdica.



## LIBROS INFANTIS E XUVENIS DE COÑECEMENTOS


---



### *¡Explora! Las expediciones más peligrosas de todos los tiempos*

Deborah Kespert. Siruela.

20 lugares espectaculares, 20 desafíos para as mentes e os corpos destes expedicionari@s. A aviadora Amelia Earhart, o astronauta Yuri Gagarin, a viaxeira Mary Kingsley, o navegante Vasco de Gama e moitos máis lévannos a coñecer zonas inhóspitas do noso planeta e fora del.



### *¡Qué rico!: sobre platos apetitosos, alimentos asquerosos, guisos olorosos, potajes ventosos, bocatas sabrosos y otros manjares deliciosos*

Anke Kuhl. Takatuka.

Obra cun texto e unhas ilustracións moi divertidas. Os distintos costumes alimentarios ao ancho do mundo pintan un fermoso cadro de diversidade explicado de forma moi sinxela aos máis cativos.



### *16 mujeres muy, muy importantes*

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións Violeta Monreal. Bruño.

*Non están todas as que son, pero si son todas as que están.*

Estupendo libro para dar a coñecer aos máis pequenos/as a biografía dalgunhas das mulleres máis importantes da historia.



### *Animal funi*

Pepe Sendón. Ilustracións de Fausto. El Patito Editorial.

Versos de animalaiños en galego e inglés.



### ***Atlas de las estrellas***

Serge Brunier. Larousse.

15 constelacións fáciles de observar con magníficas fotografías e un plano de cada unha para poder localizalas no ceo.



### ***Cómo hacer trabajos increíbles con Internet y otros recursos***

Ana Alonso. Ilustracións de Kike Ibáñez. Anaya.

Un manual moi útil para axudar a facer os traballos escolares. Explica de forma sinxela o proceso que vai desde a elección do tema, a busca de información, con especial fincapé na Rede, á utilización dos datos e á presentación do mesmo.



### ***Emilia Pardo Bazán: unha nena seducida polos libros***

María Xosé Queizán. Ilustracións de Ana Santiso. Xerais.

A maior achega de Emilia Pardo Bazán á causa do feminismo non foi só a súa contribución teórica, senón a práctica, pois seguiu ao pé da letra o consello do seu pai, que aínda hoxe segue a ser válido: «*Es unha muller, si, pero podes facer as mesmas cousas que un home. Non o esquezas*».



### ***Explorar y crear: 35 trabajos artesanales con materiales encontrados en la naturaleza***

Clare Youngs. Juventud.

Traballos manuais que poderán facer recollendo pedras, flores e outros materiais que a natureza pon a nosa disposición.





### ***El gran libro de la ecología***

Mary Hoffman e Ros Asquith. Juventud. Un libro sobre como poden contribuír os máis novos da casa a coidar o noso planeta, de xeito que nun futuro non moi lonxe as nenas e os nenos poidan gozar do mesmo aire limpo, da mesma auga clara, e cultivar plantas, como?, con as «tres erres» é dicir, reutilizando, reciclando e reducindo.



### ***Inventario ilustrado de animais con cola*** **Virgine Aladjidi. Ilustracións de Emmanuelle Tchoukriel. Faktoría K de libros.**

Se es un bo zoólogo, coñecerás a moitos animais que teñen cola. Aquí poderás velos e coñecer as súas características, hábitats, nomes científicos e moitas cousas máis.



### ***Inventario ilustrado das árbores***

Virgine Aladjidi. Ilustracións de Emmanuelle Tchoukriel. Faktoría K de libros.

As árbores máis representativas, importantes, frecuentes e exóticas do mundo. Un libro para aprender sobre elas e para saber distinguilas. Imprescindible para os pequen@s botánic@s.



### ***Xeados: divertidos, fáciles, creativos***

Ouviairos.

Premio Libro Educativo 2012 pola Asociación Galega de Editores.


Recitas fáciles para facer cos nenos/as. Explicadas paso a paso, dando formas de animais, bonecos de neve...

## BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL

### *Buh*

Andy Runton. Thule.

Tenras aventuras dun pequeno moucho e os seus amigos do bosque.



### *Los Campbell: 1. Inferno*

Guión e debuxos José Luis Munuera. Dibbuks.

Na casa dos Campbell a piratería é un asunto de familia! Unha historia de heroínas que mestura humor, piratería e relacións familiares.



### *Hilda y el gigante de medianoche*

Luke Pearson. Bárbara Fiore.

Coñece a Hilda, unha nena cunha prodixiosa capacidade para coñecer seres maravillosos.



### *Superman: la historia del hombre de acero*


Ralph Cosentino. Kraken.

Quen é realmente Superman? Como se transformou en superheroe? Achégate ás páxinas deste cómic e descúbreo.



# ÁLBUM ILUSTRADO PARA COMPARTIR

---



## *Ahab y la ballena blanca*

Manuel Marsol. Edelvives.

Cada quen corre detrás do seu soño e o capitán Ahab non dubida en chegar ata a fin do mundo para atopar a Moby Dick, a gran balea branca.

## *El cielo de Anna*

Stian Hole. Kókinos.

Unha nena e o seu pai intentan consolar-se mutuamente da perda da nai.



## *En el país de los libros*

Quint Buchholz. Nordica libros.

Orixinal homenaxe ao mundo dos libros.

## *A fuxida*

Berta Dávila. Ilustracións de Inma Doval. Biblos.

Historia protagonizada por Nadia, unha nena abrazada ao seu osiño, que ten que fuxir da guerra coa súa familia. Palabras tristes acompañadas de ilustracións de cores vivas que chegan ao corazón do/a lector/a.



## *Quien es Guillermo Tell?*

Evelyne Laube e Nina Wehrle. SM.

Heroe, mito, lenda, tolo, asasino, provocador... quen é Guillermo Tell?



## OBRAS LITERARIAS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

### *Americanah*

Chimamanda Ngozi Adichie. Random House.

Ifemelu é unha moza nixeriana que deixa o seu país para estudar nos Estados Unidos desde onde vai narrando as súas experiencias.



### *Años luz*

James Salter. Salamandra.

Luces e sombras dun matrimonio aparentemente perfecto.



### *Ao pé do magnolio*

Marina Mayoral. Galaxia.

Paco cóntalle a historia da súa vida a unha escritora. Unha reflexión sobre o que foi e o que puido ser, a aceptación da renuncia e as decisións que tomou. Un monólogo onde os éxitos mestúranse cos fracasos, contado desde a perspectiva masculina e que é continuación de «Unha árbore, un adeus».



### *As aventuras de Margaret White: a balada do Solitario*

Manuel Moledo. Ilustracións de David Fajardo. Contos Estraños.

Un xeito novidoso de contar unha aventura (ucronía) onde partindo dunha receita de cociña de Emilia Pardo Bazán imos pasar polas guerras napoleónicas e polos estados confederados americanos entre outros, a través dunha gran viaxeira, Margaret White.



### *A boca da terra*

Manuel Rivas. Xerais.

Poemario no que fala, lembra e soña a natureza, da man deste magnífico autor.





### *Carthage*

Joyce Carol Oates. Alfaguara.  
Unha moza de dezanove anos desaparece e o sospeitoso é un veterano da guerra de Iraq que fora mozo da súa irmá maior.

### *Chicas felizmente casadas*

Edna O'Brien. Errata Naturae.  
Novela corrosiva sobre mulleres atrapa-  
das en matrimonios infelices.



### *Conduce rápido*

Diego Ameixeiras. Xerais.  
Premio Losada Diéguez de Creación  
Literaria 2015.  
Erika e o seu irmán Samuel desexan  
abandonar o mundo marxinal no que  
viven, pero a aparición dun paquete  
levaos a ter máis problemas. Drogas,  
delincuencia, branqueo de diñeiro,  
marxinalidade e supervivencia son os  
ingredientes desta novela ambientada  
en Santiago.



### *Del color de la leche*

Nell Leyshon. Sexto Piso.  
A protagonista é Mary, unha nena de  
15 años que vive coa súa familia nunha  
granxa na Inglaterra rural de 1830, ten  
o pelo do color do leite e naceu cun  
defecto físico nunha perna. Mary logra  
escapar momentaneamente da condena  
familiar de traballar da mañá á noite,  
cando é enviada para coidar á muller do  
vicario, que está enferma terminal, entón  
ten a oportunidade de aprender a ler e  
escribir. Como ela mesma di, «*deixa de  
ver un montón de raias negras nos libros*».  
Poren pronto descubre que a luz moitas  
veces é máis cegadora que as sombras,  
polo que só lle queda tratar de contar a  
súa historia.



### **Entre la bruma**

Simonetta Agnello Hornby. Tusquets.  
Pat, a protagonista da novela, acepta un traballo como secretaria nun bufete da periferia especializado en dereitos de familia, onde se involucra en diversos casos da máis dura realidade. Pero o asunto estrela do bufete implicará unha familia acomodada co pai acusado de abusar da súa filla pequena.



### **Os Gotten**

Alfonso Álvarez Cáccamo. Xerais.  
O libro fai un percorrido polo inicio da industria da salgadura en Galicia. Recolle os sucesos e historias, contados polos seus protagonistas, unha familia emprendedora que instalou en Vigo unha factoría de conserva e salga de peixe.



### **Herejes**

Leonardo Padura. Tusquets.  
Obra do autor galardoado co Premio Princesa de Asturias das Letras 2015 e formada por tres historias diferentes pero relacionadas entre si: «Libro de Daniel», «Libro de Elías» e «Libro de Judith». Unha nova historia do detective Mario Conde para aclarar que sucedeu cunha pintura de Rembrandt pertencente a unha familia xudía.



### **Los hermanos Burgess**

Elizabeth Strout. El Aleph.  
Describe a vida adulta de tres irmáns. A aparente tranquilidade que reina entre eles rómpese por un desagradable incidente contra a comunidade somalí asentada na cidade.

A novela reflicte aspectos psicolóxicos e sociolóxicos da sociedade americana, a loita polos dereitos civís, a relación dos americanos cos musulmáns, a idea dos Estados Unidos como terra de acollida e a esperanza dun entendemento entre diferentes comunidades raciais





### *Un hombre enamorado*

Karl Ove Knausgård. Anagrama.  
Novela biográfica na que o autor se centra sobre todo na etapa na que coñeceu a súa muller.



### *Hombres desnudos*

Alicia Giménez Bartlett. Planeta.  
Premio Planeta 2015.  
Nun contexto de crise económica onde homes novos perden o traballo e unha chea de mulleres priman a súa carreira profesional por riba de calquera compromiso afectivo, desenvólvese unha historia de conflitos e novos equilibrios.



### *Hoy*

Juan Gelman. Visor libros.  
Último poemario do prestixioso poeta argentino.



### *El jilguero*

Donna Tartt. Lumen.  
Premio Pulitzer 2014.  
Theo Decker queda orfo de nai nun atentado no Museo Metropolitano de Nova York, isto marca a historia do rapaz que o leva case a autodestrución pero unha táboa holandesa do século XVII consegue mantelo a boia.



### *Kitchen*

Banana Yoshimoto. Rinoceronte.  
Mikage, unha muller nova, refúxíase na cociña cando morre a súa avoa. A aparición de Yuichi, un home simpático que lle ofrece ir vivir con el e a súa nai, mudará toda a paisaxe funcional e afectiva. Alimentos e guisos mestúranse co amor, a amizade e a complicidade nunha historia dura e á vez exemplo da sabedoría de sempre.



### *La ley de los justos*

Chufu Lloréns. Grijalbo.


Unha historia de dous mundos, dúas clases sociais: a burguesía e o proletariado na Barcelona de finais do século XIX, onde se mestura, historia, política, loita obreira, capitalismo e amor. Unha gran novela histórica que reflexa perfectamente un tempo cambiante.



### *Lionel Asbo. El estado de Inglaterra*

Martin Amis. Anagrama.

Lionel Asbo é un delincuente común, un hooligan descerebrado ao que un billete de lotería converte en millonario.



### *La maestra de la laguna*

Gloria V. Casañas. Grijalbo.


A finais do século XIX, unha rapaza de Boston chega a Bos Aires onde intenta adaptarse á sociedade pero a ela gústalle a aventura e embárcaos nun proxecto na Pampa, alfabetizar os nenos e as nenas. Unha novela chea de aventuras, amor, perigos, loita social...



### *A maleta de Victoria Kent*

Xerardo Agrafoxo. Galaxia.

O argumento xira arredor da figura de Xosé Romero Tubío a quen chamaban «O Pombeiro» que foi presidente do Sindicato Agrario de Oficios Varios de Cruído, unha aldea de Lousame. Na ficción, Tubío, recibe o nome de Liberto. Este obreiro foi covardemente asasinado nun «paseo» organizado polos camisas azuis máis intolerantes e crueis da vila. Reflicte con gran mestría as barreiras sociais, as loitas de poder e todo o ambiente previo ao golpe de Estado do 18 de xullo de 1936.





### *Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea*

Annabel Pitcher. Siruela.

Rose, unha nena de dez anos que morreu nun atentado terrorista islámico ocorrido no metro de Londres hai cinco anos. Este é o momento no que comeza a historia do pequeno Jamie, irmán de Rose, que tiña só cinco anos cando ocorreu o accidente.

Jamie, xunto coa súa familia, trasládase a vivir ao norte de Londres coa finalidade de empezar de novo e superar a dor, pero ten un problema que é que seu pai saiba que no novo colexio a súa mellor amiga é unha nena paquistaní musulmá. O neno sinte que os está traizoando.



### *Morena, perigosa e románica*

Pedro Feijoo. Xerais.

Relato de disparatado humorismo, sen esquecerse da intriga, valéndose dun complicado argumento.



### *A música dos seres vivos*

María Reimóndez. Xerais.

Todo o mundo semella coñecer a MK, a cantante de moda e a súa excéntrica moza, Gaia. Pero, quen é MK?

Unha historia de fragmentos que doen, que non poden repararse, pero de onde sae a forza para afrontar o mundo.



### *No culpes al karma de lo que te pasa por gilipollas*

Laura Norton. Espasa.

Sara é unha moza madrileña que decide ser plumista. Reabre a tenda da súa avoa e dedícase a facer fermosos tocados e complementos con exóticas plumas. No seu maxín, planifica facerse unha deseñadora famosa. Pero as cousas nunca saen como as planeamos...

### *Nobles y rebeldes*

Jessica Mitford. Libros del Asteroide.  
Un relato divertido sobre a infancia e a mocidade da escritora.

### *Nosotros, los ahogados*

Carsten Jensen. Salamandra.  
A acción da novela, convertida en epopea da navegación e dos navegantes transcorre na cidade de Marstal, localidade da costa danesa onde naceu o autor. A narración lévanos desde Dinamarca ata os mares do Sur. Desde a guerra que enfrontou a Prusia e Dinamarca ata a Segunda Guerra Mundial, o autor aproveita os diferentes sucesos para facer pasar os seus protagonistas da infancia á madurez a través das peripecias da navegación que tamén evoluciona desde a navegación a vela ata a propulsión a vapor.

### *Noticias felices en aviones de papel*

Juan Marsé. Ilustracións de María Hergueta. Lumen.  
Novela breve, de coidada edición, que relata a historia de Bruno, un rapaz de quince anos, que empeza a facer pequenos traballos para a súa veciña, unha anciá polaca, quen quere facer máis felices os viandantes lanzando avións de papel con boas noticias desde o seu balcón.

### *El olvido que seremos*

Héctor Abad Faciolince. Seix Barral.  
Un relato arrepiante sobre o asasinato da persoa que máis fixo en Colombia pola saúde pública e os dereitos humanos, Héctor Abad Gómez, testemuña da violencia que nese país xerou o paramilitarismo. Narrado en primeira persoa polo escritor que perdeu así á persoa máis importante da súa vida, seu pai.





### ***El palacio azul de los ingenieros belgas***

Fulgencio Argüelles. Acantilado.


Novela de formación protagonizada por un adolescente dun pobo mineiro que entra a traballar como aprendiz de xardineiro nunha gran mansión a principios do século pasado.



### ***La pintora de hielo***

Kristín Marja Baldursdóttir. Ediciones B.

Novela que nos transporta á xélida Islandia de principios do século XX.



### ***Raclette***

Santiago Cortegoso Calvar. Xerais.

Obra gañadora do XXII Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais.



### ***Relatos de Kolimá***

Varlam Shalàmov. Minúscula.

Relatos curtos que teñen como escenario os campos de traballo de Siberia.

### ***Saltaré sobre el fuego***

Wisława Szymborska. Nórdica libros.

Pequena selección da obra poética de Wisława Szymborska.

### ***La señorita Hargreaves***

Frank Baker. Alba.

Novela de humor sobre dous amigos que inventan un personaxe para matar o aburrimiento e, sorprendentemente, o personaxe acaba facéndose real.

### *La tierra de nuestros padres*

William Nicholson. Alianza.

Varias décadas dunhas familias inglesas a través das lembranzas dunha avoa e a súa neta: a II Guerra Mundial, Normandía, o exército, a saída da India, os novos tempos empresariais que conflúen en amores e odios. Unha novela histórica e tamén social que narra con habilidade o comportamento humano diante das circunstancias adversas.



### *O último día de Terranova*

Manuel Rivas. Xerais.

A historia dunha librería, escenario de amores e resistencia, lugar de memoria e emoción, que ten que pechar a causa da especulación urbanística.

Unha denuncia do fin dunha maneira de transmisión cultural na que podemos ver, unha vez máis, a mestría deste excelente autor.



### *Una vida de gestos*

Chang-Rae Lee. Anagrama.

Na súa primeira parte introdúcenos na vida de Franklin «Doc» Hata, que rexenta un establecemento de material médico e ortopédico nunha pequena cidade de provincias do estado de Nova York, e posúe a vida dun cidadán modélico. A medida que a súa filla adoptiva Sunny medra, xorden certas dificultades de relación con ela, o que leva ao tranquilo Hata a conectarse con vellos recordos...





### *Voces de Chernóbil: crónica del futuro*

Svetlana Alexiéovich. Debolsillo.

A xornalista e escritora bielorrusa recoñecida co Premio Nobel de Literatura deste ano, recolle neste libro o testemuño das persoas afectadas polo desastre tecnolóxico máis grave do século XX, a explosión do reactor atómico na central de Chernóbil. Converténdose na voz dos verdadeiros protagonistas, como o monólogo desgarrador de Liusia, a nova esposa do bombeiro Vasia, que ve como o seu amor se vai desfecendo en anacos ao mesmo tempo que o corpo da súa parella.



### *Volver a Canfranc*

Rosario Raro. Planeta.

A historia de como uns veciños de Canfranc axudan a cruzar a fronteira a miles de perseguidos polo réxime nazi, o primeiro destino era Lisboa e de alí a América. Baseado en feitos reais moi pouco coñecidos.



### *W de Whisky*

Sue Grafton. Tusquets.

Nova historia da detective da súa serie sobre o alfabeto (A de adulterio, B de bestas, C de cadáver, etc.) Kinsey Milhone coa aparición de dous mortos en Santa Teresa, aparentemente sen relación. Co seu humor habitual, Kinsey métese nesta trama de traizóns, fraudes e zonas escuras que non vai decepcionarnos.

## LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

### *15 minutos al día para refrescar tu inglés en la oficina*

Larousse.

Obra sinxela acompañada de CD-ROM que axudará a que nos comuniquemos con soltura na nosa vida profesional en poucas semanas.



### *Cartas de la Wehrmacht: la Segunda Guerra Mundial contada por los soldados*

Marie Moutier (compiladora). Crítica. Esta correspondencia dos soldados alemáns destinados en diversos frontes e escrita entre 1939 e 1945 constitúe unha testemuña histórica, social e política de primeira orde. Ordenada cronoloxicamente, e indo do optimismo á amargura, é unha viaxe humana polo maior episodio bélico do século XX e forma un epistolario do que hai poucos exemplos. Un traballo froito da investigación da historiadora francesa Marie Moutier.



### *Cocinando con Benigno Campos*

Benigno Campos. Galaxia.


Novas e sinxelas receitas do cociñeiro de «Larpeiros».



### *Dulce paladar de Lily Vanilli*

Lily Jones. Fotografía de Romas Foord. Juventud.

Non é tentador saber como preparar un pastel de anacos de cristal, un picado de viño especiado ou unhas tartaletas de crema con laranxas acarameladas? Pois estas e outras moitas máis receitas podedes atopar neste succulento libro.





### ***En la piel de una yihadista***

Anna Erelle. Debate.

Anna Erelle é o alcume baixo o que se esconde unha reporteira *free-lance* que se infiltrou no mundo yihadista facéndose pasar por unha moza europea, Mélodie, que se converte ao Islam para casar coa man dereita do califa do Estado Islámico. Desvela os métodos utilizados para convencer a rapazas e captalas a través das redes sociais.

Hoxe en día, esta reporteira está ameazada de morte polo Estado Islámico e atópase baixo a protección do Ministerio do Interior Francés.



### ***Hanns y Rudolf***

Thomas Harding. Galaxia Gutenberg. Describe a historia de Alemaña desde os anos da Primeira Guerra Mundial ata o horror dos campos de exterminio e a derrota do nazismo.



### ***Leonardo: arte y ciencia. Las máquinas*** **Luca Antoccia. Susaeta**

Biografía de Leonardo Da Vinci, curiosidades e síntese de arte, ciencia e tecnoloxía, acompañado de ilustracións, bocexos e fotografías dos seus inventos, cadros...



### ***As mulleres do monte: 19 lembranzas e pantasma dun neno da posguerra***

José Antonio Gurriarán. Galaxia.

Trata sobre o papel das mulleres dos maquis despois da Guerra Civil e como daban refuxio ou apoiaban os fuxidos.



### ***Nueve meses bien alimentados***

Josefina Ruiz Vega. Temas de Hoy.  
Información práctica e útil sobre a alimentación no embarazo e o parto.



### ***El Principito se pone la corbata***

Borja Vilaseca. Temas de Hoy.  
Unha fábula, un relato inspirador que cuestiona a falta de valores imperante na nosa sociedade e que propón o crecemento persoal como camiño para superar a crisis existencial individual e colectiva.




### ***Xoguetes naturais: argalladas dos pícaros. Outono e inverno***

Xosé López González e José M. García Fernández. Ouvirmos.  
Guía que nos ensina a facer xoguetes coas cousas que nos ofrece a natureza: paus, cortiza... Explicacións detalladas con debuxos para seguir os pasos.



## BANDA DESEÑADA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



### *Ana Frank: la biografía gráfica*

Sid Jacobson. Ilustracións Ernie Colón. Norma.

Esta obra, en formato cómic, móstranos a vida da familia Frank desde o nacemento do seu pai Otto ata a trágica morte da nosa protagonista en 1945.



### *La casa azul*

Tyto Alba. Astiberri.

Unha Chavela Vargas literaria cóntanos as súas vivencias na «casa azul», o fogar de Frida Khalo e o seu home Diego Rivera.



### *A causa do crime*

Tokio. Demo Editorial.

Vigo, 1984. Nunha entrega oficial de premios estoupa unha bomba, e unha moza, Alba, é acusada inxustamente deste delito.



### *Degenerado*

Chloé Cruchaudet. Dibbuks.

A asombrosa vida de Paul Grappe e a súa muller Louise Landy, historia real dun desertor da Primeira Guerra Mundial que viviu dez anos como muller para non ser fusilado.

### **El piloto del Edelweiss. 1. Valentine**

Yann. Ilustracións de Hugault. Norma. Unhas magníficas ilustracións acompañan a este texto sobre a aviación na Primeira Guerra Mundial no ano 1917. O enfrontamento entre franceses e alemáns desde o aire, debuxado con gran precisión e calidade nos detalles.



### **Sara Lone 1: Pinky Princess,**

Erik Arnoux. Ilustracións de David Morancho. Norma.

Ambientada nunha cidade norteamericana a principios dos anos 60 cando unha bailarina se ve envolta nun problema coa mafia. Detalles da Guerra Fría con elementos da seguridade do Estado, Kennedy como candidato e puros cubanos. Semellanzas con James Ellroy (*L.A. Confidential* e *La Dalia Negra*) e Elmore Leonard (*Jackie Brown* ou *Justified*). Primeiro capítulo dunha serie negra en banda deseñada que promete.



### **Vida de nai 2: a primavera**

Gemma Sesar; Ramón Marcos. El Patito Editorial.

Novas aventuras desta familia, con dous fillos e unha empresa que intenta sobrevivir á crise.



## DVD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

---



### *Un amigo para Frank*

Dirixida por Jake Schreier. Protagonizada por Frank Langella, James Marsden, Liv Tyler e Susan Sarandon. A Contracorriente Films.

Frank vive só e ten problemas de memoria. Empez a convivir cun robot deseñado para coidar persoas da terceira idade. A súa compañía poñerá a proba os límites da convivencia cunha máquina e os aspectos morais derivados desta.



### *La bicicleta verde*

Dirixida por Haifaa Al-Mansour. Cameo. Wadjda ten dez anos e vive en Arabia Saudita. Ela quere unha bicicleta, pero hai certas cousas que ten prohibidas porque son un perigo para a dignidade dunha rapaza.



### *Las chicas de la 6ª planta*

Dirixida por Philippe Le Guay. Protagonizada por Fabrice Luchini, Sandrine Kiberlain, Natalia Verbeke e Carmen Maura. Savor Ediciones.

É o ano 1962 e un grupo de emigrantes españolas traballan como criadas na residencia parisiense dun matrimonio burgués. Dous mundos aparentemente distantes e opostos que á forza se atoparán e interactuarán, a xeito de vasos comunicantes.

### ***A cicatriz branca***

Dirixida por Margarita Ledo Andión. Protagonizada por Eva Veiga, Xabier Deive e Lino Braxe. Galaxia.

Mercede vive en Bos Aires, onde tras servir nunha casa acomodada perde o seu emprego. Mentres intenta volver a abrirse camiño, a súa historia e a das mulleres que se entrecruzan con ela van conformando a memoria das mulleres que chegaron a Arxentina nos anos vinte e trinta do pasado século. Presentación en libro-película.



### ***El cuarteto***

Dirixida por Dustin Hoffman. Protagonizada por Maggie Smith, Tom Courtenay, Billy Connolly, Pauline Collins e Michael Gambon. Vértigo Films.

Homenaxe á terceira idade nesta comedia desenvolvida nunha residencia de anciáns para vellas glorias do mundo da ópera. Antigas rifas e egos inflados terán que quedar aparcados para un propósito máis terreal: evitar o peche da residencia.



### ***Un cuento francés***

Dirixida por Agnès Jaoui e Jean-Pierre Bacri. Protagonizada por Valérie Crouzet, Nina Meurisse e Laurent Poitrenaux. Universal Pictures.

Unha fantasía para quen aínda crea en príncipes azuis, fadas, ogros e bruxas, aínda que en ocasións, á «*bela dormente*» non a esperte o bico dun «*príncipe*», senón a labazada dun lobo.





### *Dúas letras*

Dirixida por Eloy Varela, a partir dun relato de Fina Casalderrey. Protagonizada por Teresa Fraga, Fina Casalderrey e Mariano García. Galaxia.

Curtametraxe gañadora de tres premios no Festival de Cans.

Unha homenaxe ás cartas da emigración, neste caso as que vai recibindo e enviando unha nai analfabeta que nos anos cincuenta mantén unha relación epistolar co seu fillo emigrado, grazas ao apoio dunha mestra. Teresa Fraga, nai de Fina Casalderrey, achega á película a autenticidade dos seus 83 anos nos que se estrea como actriz.



### *Noé*

Dirixida por Darren Aronofsky. Protagonizada por Russell Crowe, Jennifer Connelly, Ray Winstone, Emma Watson e Anthony Hopkins. Paramount Spain. O dilema moral, a dúbida sobre o mal que pode residir dentro do ben e a xustiza retrata ao Noé bíblico nesta versión de Aronofsky, un personaxe irrenunciable na súa paixón e crenza, camiñando firme cara ao seu obxectivo con pulsión e tormento interior.



### *No se lo digas a nadie*

Dirixida por Guillaume Canet. Protagonizada por François Cluzet. A Contracorriente Films.

O Dr. Alex Beck está inconsciente mentres a súa esposa, Margot, é brutalmente asasinada. Oitos anos despois, Alex aínda non superou o acontecido. Un día recibe un correo electrónico anónimo no que aparece a imaxe da súa muller entre unha multitude.

## *Philomena*

Dirixida por Stephen Frears. Protagonizada por Judi Dench e Steve Coogan. Paramount Home Entertainment.

Unha muller emprende, coa axuda dun xornalista, a procura do fillo que lle foi arrebatado hai cincuenta anos. Non tardarán en atoparse obstáculos no seu camiño ante o pouco interese dalgúns en reabrir as feridas do pasado. Traxicome-dia baseada nunha historia real.



## CD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

---



### ***Kosmogonías***

Berrogüetto. Berrogüetto Música.

Quinto álbum que supuxo o debut discográfico de Xabier Díaz como voz principal da banda tras a partida de Gaudi Galego. «Kosmogonías» é, segundo os seus autores, unha reflexión sobre a humanidade e o universo *«nunha especie de chamada para mirar o ceo e o cosmos, para buscar respostas que moitas veces os seres humanos buscamos noutros sitios»*.



### ***Tronzar os valos***

Sés. Folmúsica.

A reveladora portada, coa imaxe duns beizos selados, os cales «serán abertos», é unha declaración de intencións de María Xosé Silvar (Sés), artista de intensa personalidade e honestidade á hora de manifestar un caudal de enerxía que cuestiona unha boa parte do «todo establecido». No apartado musical, destaca o acerto na combinación entusiasta de xéneros como blues e rock con sons de raizame latinoamericana.



### *Doce canciones gallegas*

Begoña Salgueiro (soprano) e Brais González (piano). Andavira.

Admirable labor de arte e recuperación patrimonial dun cancionero practicamente descoñecido e inédito. A soprano Begoña Salgueiro, formada en Italia e cunha ampla carreira, xúntase co pianista Brais González para musicalizar este curioso encargo realizado nos anos 50 a diversos compositores contemporáneos para que elaborasen pezas a partir de textos de autores galegos.









**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)



Bibliotecas Públicas  
Municipais

---

*Premio Nacional María Moliner 2011*

**CATÁLOGO DO FONDO  
BIBLIOGRÁFICO ▼**

---

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @bibloleiros